

MEMORIA “NATUROSAL”: VI CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS: Modalidade I.

Bibliotecas
escolares
de Galicia



BIBLIOTECA ANISIA MIRANDA

O ROSAL. PONTEVEDRA Curso

18/19



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. TEMÁTICA.....	3
3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	4
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.....	4
5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.....	4
6. RECURSOS UTILIZADOS E PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.....	10
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	11
8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	12
9. AVALIACIÓN.....	13
10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO PROCESO.....	13

1. INTRODUCCIÓN

Co obxectivo de ofrecer ó noso alumnado (de Educación Infantil e Primaria) a maior variedade de experiencias de aprendizaxe, puxemos en marcha o proxecto impulsado pola biblioteca escolar Anisia Miranda: “**NatuRosal**” e no que participa toda a comunidade educativa baixo o principio de “**esforzo compartido**”, tratando de conseguir acadar obxectivos e competencias relacionadas coa nosa contorna: O Rosal. O motor do noso proxecto é a realización dunha serie de tarefas, experiencias impulsadas dende a biblioteca...para aumentar o coñecemento sobre a nosa contorna máis próxima e os seus elementos. Aínda que gran parte do noso alumnado é coñecedora destes elementos, consideramos importante profundizar aínda máis no seu coñecemento, tendo en conta tamén, os diferentes Decretos de currículo das etapas educativas do noso centro educativo: para EI o D.330/09, de 4 de xuño e para EP o D. 105/14, de 4 de setembro, xa que neles postúlanse diferentes elementos curriculares relacionados co noso Proxecto tales como: en **EI**, principalmente relacionado co **ámbito Coñecemento da contorna** potenciando **competencias básicas como Coñecemento e interacción co mundo físico**; e en **EP**: **áreas como Ciencias Naturais e Sociais**, potenciando **competencias clave como: Aprender a aprender, Comunicación lingüística, Competencia dixital, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**, entre outras. A través de todo este traballo se pretenderon acadar **obxectivos** curriculares tales como: *Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados con Galicia, Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezcan o seu coidado e Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.*

2. TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN

Este proxecto xorde nun contexto no que consideramos fundamental a adquisición da educación en valores, neste caso e especialmente o coidado e respecto polo **medio ambiente do Rosal**, pero o cal nos permitirá desenvolver moitos outros. Ademais de permitirmos colaborar e interaccionar con diferentes persoas da nosa contorna, vinculando así ao noso alumnado co seu contexto socioeducativo. O Rosal é un municipio situado na provincia de Pontevedra, en concreto, no Baixo Miño, contando cunha poboación aproximada de 6.300 habitantes. Atópase preto do río Miño, que fai fronteira entre España e Portugal. Na súa contorna é importante destacar lugares de interés como: Os muíños do Folón e Picón, Ponte do Tamuxe ou o Mirador natural do “Niño Corvo”. Un dos principios ámbitos de estudo do Proxecto NatuRosal foi a **flora e a fauna** da contorna, xa que pola idade do noso alumnado (de 3 a 8 anos), eran un dos máis susceptibles de aplicar de modo globalizado, atendendo ás características e necesidades de cada un. En canto á flora: podemos atopar unha boa variedade de árbores, así temos árbores foráneas como o piñeiro ou o eucalipto e árbores autóctonas como o castiñeiro, o carballo, a sobreira, o acivro, o salgueiro, o amieiro, o loureiro, o sanguíño, o bidueiro ou a aveleira e a nogueira; ademais de arbustos como a xesta ou o toxo. Ademais de diferentes plantas medicinais e flores como a flor da silva. Por outra banda, a fauna, debemos clasificala en diferentes categorías como: mamíferos como teixugo, xeneta, xabarín...; peixes como a anguía ou o salmón; aves como o merlo, carrizo...; réptiles como o sapoconcho; anfibios como a ra verde ou píntiga verde; insectos como escarabello ou o cabaliño do demo e arácnidos e outros seres vivos como a miñoca, entre outros. Outros campos investigados no proxecto do NatuRosal foron os seguintes: **características do Monte, limpeza e coidado da contorna, deportes e actividades típicas da contorna** (senderismo, gando, cogomelos, vendima...), auga (traída, regadío...) ou o **lume e os incendios**. Destacar que aproveitando a temática da natureza na nosa

contorna, tamén estudamos aspectos relacionados coa mesma pero noutros lugares, coma por exemplo, Portugal.

3. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

No primeiro Claustro deste curso 2018/2019 o Equipo de biblioteca Anisia Miranda propuso a temática de traballar a nosa contorna a nivel de centro, contando coa colaboración de toda a comunidade educativa. A proposta tivo unha gran acollida por parte de todo o profesorado do CRA, persoal non docente, familia e outros axentes externos. Xunto coa achega de diferentes recursos, organizamos diferentes actividades por trimestres que se detallan máis adiante.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

- Material didáctico “O monte do Rosal” para o profesorado.
- Listaxe con recursos bibliográficos da biblioteca relacionados coa temática do proxecto para o profesorado.
- Álbum de follas para alumnado e familias.
- Álbum de cromos “NatuRosal” para o alumnado.

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

1º trimestre:

SETEMBRO	OUTUBRO
Vendima en tódalas escolas. www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/604	- Recollida de mazás, escola de Fornelos e Tabagón. http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/590
Marmelada de figos e doce de marmelo, escola	

<p>de Novás e Marzán.</p> <p>www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/598</p> <p>www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/599</p>	<p>- Xogos educativos sobre o <i>Día Mundial dos Animais</i>: 4 de outubro.</p> <p>https://www.instagram.com/p/BognCOEqQ7O/</p> <p>https://www.instagram.com/p/BpCD_W0BKhu/</p>
<p>Elaboración zume de uva, escola de Novás e Marzán.</p> <p>www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/596</p>	<p>- Recollida de millo, escolas de Novás, Marzán e Tabagón.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/603</p>
<p>Visita bodega “Gran Novás”, escola de Novás e Marzán.</p> <p>www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/595</p>	<p>- Visita a un muíño, escolas de Novás, Marzán, Tabagón e Couso.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/593</p>
<p>- Visita bodega “Lagar de Fornelos”, escola de Fornelos.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/587</p>	<p>- Saída ao Museo do Mar de Vigo e Fundación Sales, educación primaria.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/620</p>
<p>- árbores, escola de Novás e Marzán .</p> <p>www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/597</p>	

NOVEMBRO	DECEMBRO
<p>- Visionado obra de teatro Hansel e Gretell na Sala Ártika de Vigo, todo o CRA. Traballo previo nas aulas e biblioteca co conto.</p> <p>https://www.instagram.com/p/BqrgvS3gBS1/</p> <p>- Charla formativa para o profesorado sobre compostaxe e exposición na biblioteca coa mesma temática.</p> <p>• Elaboración de materiais por parte do profesorado: <i>O monte do Rosal</i>.</p>	<p>- Elaboración calendario 2019 con imaxes relacionadas con cada mes e o entorno, todo o CRA en colaboración co equipo de Dinamización da Lingua Galega.</p> <p>https://drive.google.com/file/d/1nWOo7NqbsL_N0aD_Dvr0K4myxGarLG-M4/view</p> <p>- Adaptación do conto “Á árbore da escola” a diferentes sistemas de comunicación, con motivo do <i>Día Mundial da discapacidade: 3 de decembro</i>. Plantación de árbores nos patios das escolas.</p> <p>https://www.instagram.com/p/Bu-6Uf5gQ04/ http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/619</p> <p>- Obradoiros compostaxe, tódalas escolas coa colaboración da Deputación de Pontevedra.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/624</p>

2º trimestre:

XANEIRO	FEBREIRO
<p>- Actividades de aprendizaxe sobre reducir, reutilizar e reciclar, escola de Couso. http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/631</p> <p>- Saída polo Rosal para mercar nas tendas de alimentación e coidado dos animais, escola de Pías.</p> <ul style="list-style-type: none"> Galiñas, dende a incubadora, nacemento, alimentación, coidado... no patio da Biblioteca.. 	<p>- Entroido: caracterizámonos de elementos da nosa contorna. Fauna e flora. http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/637</p> <p>-Contacontos Nube Branca quere ser astronauta impartido por Equipo biblioteca e DO</p> <p>- Mural da nosa paisaxe no Día de <i>Rosalía de Castro</i>, todo o CRA. https://photos.google.com/share/AF1QipNZnABO976rYzZrLAWafbykTCaXDi3dQnLYy2alFkH-K9wy882Hgn-tPLUp99JxmA/photo/AF1QipPzSxmcVyD36U5qLmoO778rDRyv5Vj-CJtZ2ZAE?key=Q2pZR0RQaERrQm1mOGgzT2gxdUt6aXczNDN3T0pB</p> <p>- Concurso fotográfico para as familias sobre a paisaxe da contorna. http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/636</p> <p>- Visita estaleiro e observatorio de aves, A Guarda, educación primaria.</p>

	http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambzano/node/635
--	---

MARZO	ABRIL
<p>- Compra de sementes e plantación na horta, escola de Couso.</p> <p>- Saída Granxa Kiriko.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambzano/node/638</p> <p>- <i>Os bolechas co medio ambiente</i>, educación primaria. Obradorios, charlas, xogos...</p> <p>- Proxectos de investigación: setas. Escola de Fornelos.</p>	<p>- Obradoiro compostaxe “<i>Quen vive?</i>”, educación primaria.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambzano/node/624</p> <p>- Contacontos Paco Nogueiras na Biblioteca do Concello. Todo o centro.</p> <p>https://www.instagram.com/p/Bv_ZgKbgG0n/</p> <ul style="list-style-type: none"> • Kiosko de noticias sobre a nosa contorna na biblioteca do centro, Anisia Miranda. Todo o centro. <p>https://www.instagram.com/p/Bv0IPlwA88I/</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra de teatro musical con monicreques “A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na

	<p>cabeza”, en Goián. Todo o centro.</p> <p>https://www.instagram.com/p/Bw48IP5AQ</p> <p><u>DR/</u></p>
--	---

3º trimestre:

MAIO	XUÑO
<p>- Álbum de cromos sobre a contorna.</p> <p>https://photos.google.com/share/AF1QipO4xqnYHqFSqoDSkNDsSHf-zOLyCBFHv_Sw6bR7GNiAQ1SHYX4sR0jlq-rKf6XbIA?key=Z3JxUWpMNVdleVFqZjBUcjhKQ2tsSVVnNFJSdTFB</p> <p>- Conmemoración Día do Libro.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/645</p> <p>- Visita aos museos científicos de A Coruña, educación primaria.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/507</p> <p>- Visita ao Museo do Mar e a carabela Pinta en Baiona, todo o CRA.</p> <p>http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/node/649</p> <p>- Álbum de follas para alumnado e familias</p>	<p>- Xornada de convivencia coa Mata nos muíños de Folón e Picón, escolas de primaria.</p> <p>- Saída ao albergue en Panxón, educación primaria.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades artísticas nos patios das escolas: contos e debuxos. • Elaboración de receitas

	<p>con produtos da horta.</p> <p>Escola de Couso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Visionado videos Eco-picnic, proporcionad o por Sogama.
--	---

6. RECURSOS UTILIZADOS E PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Entre os recursos empregados para a posta en marcha de este Proxecto destacamos:

- Diversas **saídas realizadas pola nosa contorna**, por exemplo coñecer máis a fondo un dos recursos principais da nosa paisaxe, as vides e os viñedos. Para isto visitamos tanto viñedos, como adegas e bodegas, comprendendo todo o proceso, dende a colleita até que chega as nosas tendas e casas nas botellas, experimentando de xeito manipulativo nós mesmos e mesmas parte do proceso.
- **Empregar e interpretar ferramentas gráficas (mapas, fotos, etc.).** Utilizamos Fotos dos lugares que íamos visitar, árbores, follas... Así como

mapas e percorridos reais da nosa contorna, tanto realizados por nós, como simbolicamente mediante os paneis de robótica.

- Realización de **procuras na rede**, a través dos ordenadores e Pizarras Dixitais Interactivas das aulas. Tamén empregamos **tablets, robots**, para traballar aspectos de orientación espacial, lectoescritura, lóxica-matemática, psicomotricidade... usando como centro de interese a temática e obxectivos deste proxecto
- **Material didáctico “O noso monte”** elaborado polo profesorado do CRA e o CPI da contorna.
- **Álbum de cromos “NatuRosal”** deseñado e impulsado pola biblioteca do CRA no que participaron as diferentes aulas (alumnado e profesorado).
- **Recursos bibliográficos da biblioteca do CRA:** estantería adicada o proxecto “NatuRosal”.
- **Álbum de follas** elaborado polo Equipo de biblioteca.
- **Maleta viaxeira sobre natureza** do CFR de Vigo.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

As familias participaron e ofreceron recursos para moitas das actividades (visitas aos viñedos, muíño, expoñer información ao alumnado...).

O profesorado preparou e organizou materiais e actividades, ademais de recibir formacións en canto á compostaxe, coidado da nosa contorna fronte ás velutinas, etc.

Houbo participación tamén de institucións como empresas privadas (bodegas) e expertos/as nas temáticas, por exemplo en canto á compostaxe (Programa Revitaliza da Deputación de Pontevedra), proporcionar composteiros para tódalas escolas, así como visitas e resolución de dúbidas durante o proceso.

O Concello proporcionou recursos materiais, así como ofrecernos as instalacións da biblioteca para realizar contacontos, e realizar exposicións visibles para tódolos habitantes do noso concello.

Dentro da nosa organización interna como centro, cabe destacar a colaboración coordinación de tódolos equipos do centro: EDLG, actividades complementarias e extraescolares, equipo de orientación e equipo de TICs; tanto para a elaboración dos materiais como para a realización de actividades. Por exemplo, usamos a biblioteca do centro como un bo recurso onde recoller os materiais que as escolas ían elaborando e así cando acoden coas familias polas tardes, tamén poden compartir con eles e elas: xogos, kiosko das nosas noticias, exposicións de contos...

8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Tódalas actividades realizadas, foron difundidas a través da nosa web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/cramariazambrano/presentacion>), así como do instagram da nosa biblioteca, (<https://www.instagram.com/bibliotecaanisiamiranda/?hl=ml>). O feito, ademais, de que estivera implicado o Concello en moitas das actividades, tamén ofreceu unha gran visibilidade. Outros recursos que usamos para difundir e visibilizar o noso proxecto, así como implicar a outros membros da comunidade educativa foron:

Pousavazos sobre elementos da contorna, que se repartiron polos comercios e bares ao redor das nosas escolas en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Álbum de cromos. Carteis informativos e ilustrados sobre as plantas e árbores da nosa contorna., elaborados polo profesorado do centro. Por último destacar que tamén realizáronse algunhas publicacións na prensa das nosas experiencias no centro, así coma a nosa participación en Radio Tui e Onda Cero.

9. AVALIACIÓN

Despois de realizar unha avaliación baseada na observación directa e sistemática, así como a análise de rexistros por escrito ou a participación no Instagram da biblioteca, consideramos que o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado foi alto, así como aqueles que marcamos para o profesorado e as familias.

As actividades adaptáronse ao alumnado, tanto na súa idade, coma nos seus intereses. Cabe destacar tamén que as actividades, debido a súa natureza, foron facilmente susceptibles de adaptación e adecuación aos ritmos individuais, que cada un dos nosos alumnas e alumnos do centro teñen, tendo en especial consideración ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE), coas adaptacións pertinentes como: dar máis tempo, uso de sistemas alternativos da comunicación...

As nosas actividades permitiron ademais desenvolver competencias, valores, aprendizaxe cooperativo, investigación por proxectos, materiais innovadores, enfoque STEAM...así como permitir a colaboración e participación de toda a comunidade educativa.

11. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO PROCESO.

A función principal da biblioteca neste Proxecto foi a de **impulsar e organizar actividades** e proporcionar recursos co obxectivo de lograr un coñecemento profundo da nosa contorna por parte de toda a comunidade educativa. Asimesmo, **o espazo da biblioteca, convertiuse nun lugar propicio para a investigación, o aprendizaxe lúdico, a gamificación, o uso das TIC, TAC e TEP e o traballo cooperativo** entre o alumnado.

Para cada unha das actividades organizadas, as diferentes aulas sempre contaban co apoio e **asesoramento dos diferentes membros que integran o Equipo de Biblioteca.**

Asimesmo, coa gran acollida que tivo a proposta entre as **familias** do noso alumnado, a biblioteca convertiuse nun lugar de encontro para elas, aumentando notablemente as súas visitas e participación nas actividades propostas polo Equipo e o conxunto do Claustro.